



Para planificar a evacuación téñense en conta as características de cada edificio (anchura das saídas, situación, idades do alumnado por clase, etc.). Con toda esta información, determínanse as saídas que se deberán empregar e as zonas de concentración do alumnado.

INSTRUCCIÓN EN CASO DE EVACUACIÓN

En xeral:

- Manter a calma
- Non correr.
- As vías de evacuación estarán en todo momento libres de obstáculos.
- Verificarase que non queda ninguén en ningunha das aulas, servizos, laboratorios e tódalas dependencias da planta.
- Prestar especial atención aos alumnos con Necesidades Educativas Especiais.
- Atender sempre as indicacións do Xefe ou Xefa de Emerxencia.
- Nunca se deberá volver atrás.
- Non se tomarán iniciativas personais.
- Baixarase en orde, ao lado da parede, rápido pero sen correr nin atropelarse, e sen berrar.
- Permanecer en todo momento xunto ao grupo.
- Dirixirse sempre ao punto de reunión, permanecer no mesmo xunto ao responsable do grupo.

En caso de incendio, atentado ou ameaza de bomba e outros riscos que precisen evacuación:

- Pechar portas e fiestras para evitar correntes de aire.
- Si se atopa unha nube de fume, saír a ras do chan.
- Tapa-la boca con un pano humedecido e molla-la roupa, se é posible, en caso de pasar durante a evacuación por unha zona de chamas ou de altas temperaturas.

En caso de terremotos o calquera risco sísmico:

- Si se está dentro dun edificio, quedarse dentro. Si se está fóra, permanecer fóra.
- Dentro dun edificio buscar estruturas fortes: baixo unha mesa ou cama, baixo o dintel dunha porta, xunto a un pilar, parede mestra ou nun rincón, e protexe-la cabeza.
- Fora dun edificio alexarse de cables eléctricos, cornisas ou balcóns.
- Non colocarse entre os edificios para evitar ser alcanzado pola caída de obxectos peligrosos.

PROHIBICIÓNS DURANTE A EVACUACIÓN

1. Separarse do grupo ao que se pertence.
2. Deixar espazos nas filas de evacuación.
3. Levarse pertencencias que poidan dificulta-lo desaloxo.
4. Correr.
5. Empuxarse.
6. Deterse.
7. Retroceder por algo ou por alguén.
8. Utilizar os ascensores.
9. Abandonar os puntos de reunión ata nova orde.

EVACUACIÓN DO CENTRO

As principais vías de evacuación do Centro son:

- A horizontal: o edificio conta cunha saída desde o ximnasio que accede á explanada da entrada principal. Esta saída é a aconsellada para a evacuación do sótano.
- As verticais: dúas escaleiras que comunican as plantas superiores coa baixa, de uso habitual, con dous tramos de chanzos e un descanso intermedio.



Os dous corredores centrais das dúas plantas son amplos, polo que se facilita o desaloxo e a circulación de varias filas a un tempo (en caso de necesidade).

Según os manuais de autoprotección, pola altura do edificio, número de saídas e número de alumnos, está no grupo de risco baixo. As saídas acceden á explanada principal do centro.

Estarán sinalizadas as vías de evacuación naturais e tamén as alternativas, con carteis que indiquen claramente a dirección do fluxo en caso de evacuación mediante frechas de cor. As aulas están divididas en cada unha das súas plantas entre as que figuran na parte antiga do edificio e a nova, polo que se establecerán dúas vías de evacuación. Os alumnos de cada zona deben coñecer a súa vía de evacuación e o seu fluxo de desaloxo. Igualmente se coñecerán os lugares de concentración ou encontro tras saír do Centro en caso de evacuación (explanada principal).

O tempo máximo de evacuación de todo o colexio non chega en ningún caso aos cinco minutos. O risco potencial máis significativo é o incendio, aínda que non hai que descartar outras emerxencias.

FLUXO DE EVACUACIÓN

As aulas da PLANTA SÓTANO evacuarán ao patio pola porta de acceso ao ximnasio:

As aulas da PLANTA BAIXA evacuarán ao patio polas portas frontais de acceso ao colexio:

- Aulas e dependencias da parte antiga, sairán pola porta principal de entrada ao colexio.
- Aulas e dependencias da parte nova, sairán pola porta secundaria.

As aulas da PRIMEIRA PLANTA evacuarán do seguinte xeito:

- Aulas e dependencias da parte antiga, baixarán pola primeira escaleira e desaloxarán pola porta principal, tendo preferencia as aulas 112, 102, 103 e 101, por esta orde.
- Aulas e dependencias da parte nova, sairán pola escaleira do fondo e desaloxarán pola porta secundaria, tendo preferencia as 7 dependencias da dereita en orientación de baixada e posteriormente as do lado esquerdo.

As aulas da SEGUNDA PLANTA evacuarán do seguinte xeito:

- Aulas e dependencias da parte antiga, baixarán pola primeira escaleira e desaloxarán pola porta principal, tendo preferencia as dependencias 215, 201, 216 e a continuación as seguintes.
- Aulas e dependencias da parte nova, sairán pola escaleira do fondo e desaloxarán pola porta de acceso ao patio, tendo preferencia as 7 dependencias da dereita en orientación de baixada e posteriormente as do lado esquerdo.

MECANISMOS DE ALARMA

Sete toques discontinuos do timbre de un segundo de duración e alternados por un segundo.

ORDE DE EVACUACIÓN EN CASO DE SINISTRO NO EDIFICIO

Sinistro na planta baixa: evacuación da planta baixa, seguida da planta primeira e por último a planta segunda.

Sinistro na planta primeira: evacuación da planta primeira, seguida da planta segunda e por último a planta baixa.

Sinistro na planta segunda: evacuación da planta segunda, seguida da planta primeira e por último a planta baixa.

NOTA

As anteriores indicacións serán definitivas ou modificadas en virtude do resultado do simulacro para a posterior aprobación e implantación do Plan.